

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE POLA QUE SE MODIFICA A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2005/0233_NAA/IPPC_014

Instalación: fábrica de automóviles. Centro de Vigo	Procedemento: revisión da autorización ambiental integrada e modificación non substancial
Titular: Stellantis España, SL	Expedientes de modificación: 2021-IPPC-M-42; 2023-IPPC-M-31
Localización: concello de Vigo (Pontevedra)	Núm. rexistro AAI: 2005/0233_NAA/IPPC_014

ANTECEDENTES

1. O 17.4.2006 outorgouse a autorización ambiental integrada a Peugeot Automóviles España, SA para a fábrica de automóviles que se localiza no concello de Vigo (Pontevedra). Esta autorización foi transmitida a Stellantis España, SL o 25.1.2023.

2. O 9.12.2020 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea a Decisión de Execución (UE) 2020/2009 da Comisión de 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), conforme coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais, para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos.

Dentro das actividades desta instalación está o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, polo que procede revisar a súa autorización ambiental integrada.

3. A tramitación do procedemento efectuouse de acordo co disposto no artigo 16 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

4. O 13.6.2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 112 o anuncio do 11 de maio de 2022 polo que se sometía a información pública a documentación presentada para a revisión da autorización ambiental integrada. Non consta que se presentasen alegacións.

5. Os órganos aos que se solicitou informe e os que se recibiron son:

Órganos consultados	Informes recibidos
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Si
Sección de Calidade do Aire	Si
Augas de Galicia	Si
Servizo de Industria do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria	Si
Concello de Vigo	Si





6. Durante a tramitación do expediente de revisión da autorización ambiental integrada Stellantis comunicou as seguintes modificacións:

- modificación estufa de cata v1 (contemplada na resolución do 2.6.2020);
- implantación do proceso de pintura 4Wet (expediente 2023-IPPC-M-31);
- recirculacións internas parciais dentro do proceso de pintura;
- incorporación da tecnoloxía de prensas "hot stamping" no proceso de embutición.

Os proxectos indicados nos tres últimos puntos prevese que finalicen ao longo do ano 2025.

7. Stellantis actualizou a información relativa aos focos e aos piezómetros, corrixindo erros nas coordenadas e na descrición dos focos. Informa ademais dun foco (foco BTU CAB) que non estaba integrado na autorización.

8. O 5.9.2023 Stellantis solicitou que se revisase o valor límite para fluoruros no vertido, actualmente establecido en 10 mg/L (valor establecido no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, modificado polo Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia) e se fixase en 20 mg/L, valor dentro do rango establecido na Decisión pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos. O 7.11.2024 recibíuse o informe favorable do Concello de Vigo.

9. O 20.11.2024 notificouse o trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes antes de efectuar a proposta de resolución.

10. O 28.11.2024 Stellantis presentou escrito de alegacións. Estas alegacións remitíronse aos organismos afectados: Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral, Concello de Vigo e Augas de Galicia.

11. O 2.12.2024 Stellantis presentou un novo escrito con suxestións respecto da información aportada durante o trámite de audiencia que, a petición desta dirección xeral, completou o 18.12.2024. O 31.1.2025 e o 1.2.2025 Stellantis presentou escritos e información complementaria en relación coas condicións propostas para o control das emisións e da calidade do aire e dos vertidos.

12. A Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral emitiu novos informes o 9.1.2025, o 23.1.2025 e o 11.3.2025 en relación coas alegacións e suxestións presentadas por Stellantis. Non se ten constancia da recepción dos informes solicitados ao Concello de Vigo e a Augas de Galicia.

No anexo I resúmense e contéstanse as ditas alegacións e suxestións.

13. Non consta que comparecesen outros interesados neste procedemento.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A instalación está dentro do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) (actividades incluídas no anexo I, categorías 2.6 e 10.1).
2. O artigo 26.2 Real decreto legislativo 1/2016, establece que procede revisar as autorizacións ambientais integradas nun prazo de 4 anos a partir da publicación das conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles (MTD) en canto á actividade principal dunha instalación.
3. O 9.12.2020 publicouse no DOUE a Decisión de Execución (UE) 2020/2009 da Comisión de 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), conforme coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais, para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos.
4. O artigo 16 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013) regula a tramitación da revisión das autorizacións ambientais integradas.
5. O artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2016 recolle a posibilidade de modificación da autorización ambiental integrada como consecuencia dunha modificación non substancial da instalación.
6. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos, segundo o establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238 do 11.12.2024).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, con base nas súas competencias, **RESOLVE:**

1. Revisar a autorización ambiental integrada núm. 2005/0233_NAA/IPPC_014 outorgada a Stellantis España, SL para a fábrica de automóviles que se localiza no concello de Vigo (Pontevedra).

Esta revisión inclúe a descrición, condicións, obrigas e dereitos que se indican nos seguintes apartados e anexos:

1. Datos administrativos
2. Descrición da instalación
3. Condicións xerais
4. Condicións específicas
5. Programa de vixilancia e seguimento ambiental



Anexo I: alegacións recibidas no trámite de audiencia. Resumo e valoración

2. Renovar o informe de situación do solo desta instalación. O titular está obrigado a presentar un novo informe de situación con carácter previo á modificación substancial, peche definitivo ou transmisión de titularidade da actividade.



1. DATOS ADMINISTRATIVOS

Datos do titular		
Razón social: Stellantis España, SL		
NIF: B50629187		
Enderezo postal: Zona Franca de Vigo, Avenida Citroën, núm. 3 e 5		
Provincia: Pontevedra	Concello: Vigo	Código postal: 36210

Datos da instalación			
Denominación da instalación: Stellantis Vigo			
Actividade principal: produción de vehículos automóbiles, pezas, coleccións (AEE) e construcións mecánicas (CMV) a través das fases de fabricación de estampaxe, soldadura, pintura e montaxe.			
Enderezo postal: Zona Franca de Vigo, Avenida Citroën, núm. 3 e 5			
Provincia: Pontevedra	Concello: Vigo	Código postal: 36210	
UTM X (m): 521.163	UTM Y (m): 4.673.013	Fuso: 29	Datum ETRS89
Referencia catastral: 1229901NG2713S0001BU			
Superficie total da parcela: 690.555 m ²		Superficie construída: 535.048 m ²	
Vertido de augas residuais: si (receptor final rede de saneamento municipal)		Xestor da rede de saneamento: Concello de Vigo	
Sistema de xestión medioambiental: ISO 14001:2015			
Alcance: produción de vehículos automóbiles, pezas, coleccións (AEE) e construcións mecánicas (CMV) a través das fases de fabricación de estampaxe, soldadura, pintura e montaxe (IAF 22)			

Categorías e rexistros da instalación/actividade	
CNAE: 2910 - Fabricación de vehículos de motor	
Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categorías 2.6 e 10.1
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categorías 2.6 e 6.7
Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental	Instalación existente
Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	Código E-PRTR: 2024
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Actividade afectada





Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Presentado
Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Establecemento non afectado
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades	Actividade incluída
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Actividade afectada
NIMA (número de identificación medioambiental)	3600000399
Inscripción como produtor de residuos perigosos	SC-RP-IPPC-P-00003
	eSir: 12P01360000039901
Inscripción como produtor de residuos non perigosos	PO-I-NP-P-00017
	eSir: 12P03360000039900



2. DESCRIPCIÓN DA INSTALACIÓN

1. LOCALIZACIÓN

A planta localízase nunha contorna urbana, dentro do polígono industrial de Zona Franca de Vigo en Balaídos. Os límites da parcela na que se sitúa son:

- Norte: avenida interna da Zona Franca, que discorre practicamente paralela á vía pública denominada Avenida de Citroën, e outras naves industriais da Zona Franca.
- Sur: parroquia de Matamá.
- Leste: parroquia de Castrelos.
- Oeste: outras naves industriais de Zona Franca.



Figura: localización da instalación

O complexo está situado nunha parcela de forma irregular, cunha lonxitude máxima de 1100 m e unha anchura máxima duns 500 m, dentro da que se distribúen diferentes naves de planta rectangular cunha denominación específica, concordante en moitos casos coa actividade que desenvolven.




Figura: distribución de naves

O edificio situado na fachada norte da fábrica, coñecido como “Casa Blanca” é para uso administrativo, ben de Stellantis ou ben de terceiros aos que llo poda arrendar.

2. DESCRICIÓN XERAL DA ACTIVIDADE

A instalación dedícase á produción de vehículos automóbiles, pezas, coleccións (AEE) e construcións mecánicas (CMV) a través das fases de fabricación de estampaxe, soldadura, pintura e montaxe.

O aprovisionamento de materiais realízase principalmente mediante transporte terrestre (93% camión, 821 camiós/día) e a expedición por transporte marítimo (76,7%, 4 barcos/semana), terrestre (20,3%, 280 camiós/día) e ferroviario (3%).

3. PROCESO DE PRODUCCIÓN

A planta conta coas seguintes liñas:

Embutición (“Press shop”)

Ocúpase da estampaxe de pezas de aceiro (algunhas de aluminio) do vehículo. Está formado por dous tipos de liñas:



- Liñas de corte: 2 liñas nas que se corta a chapa en distintos formatos.
- Liñas para embutir: serie de liñas nas que se conforman as chapas cortadas ás distintas pezas a fabricar: 2 liñas de prensas para pezas grandes, 3 liñas para pezas medianas, 1 liña para pezas pequenas e 1 liña "Hot stamping".

Ao ano consúmense 160.000 toneladas de chapas.

Conta tamén cunhas instalacións para a recepción e tratamento de chatarra (2 prensas de compactado) nas que se prensa a chatarra e se empaqueta para a súa entrega ao xestor autorizado.

Ferraxe ("Body shop")

Ocúpase da soldadura e unión de distintas pezas de aceiro (algunhas de aluminio) para conformar a carrocería do vehículo. A ensamblaxe realízase en 4 talleres diferentes en función do modelo do vehículo.

Pintura ("Paint shop")

Proceso para dotar á estrutura do vehículo do tratamento de superficie e acabados finais. Realízase en dúas naves:

- Nave F: nesta nave realízase a cataforese da caixa do vehículo, aplicándose a primeira capa de pintura. O túnel de cataforese está conformado por un túnel de tratamento anticorrosión cos seguintes elementos: túnel de tratamento de superficie, baño de cataforese, lavado de cataforese e estufa de cataforese.

Nesta nave tamén hai 2 liñas de estanquidade, nas que se aplican masillas para selar e para protexer os baixos da carrocería (antigrava) e con finalidade antisonora. Estas masillas sécanse posteriormente nas estufas de pintura.

- Nave P: nesta nave realízase o apresto (aplicación da segunda capa de pintura) e de lacas (aplicación da terceira capa de pintura).

Coa implantación do proxecto 4Wet anúlense as cabinas e estufas de aprestos 1 e 2 e engádese unha estación robotizada á entrada das cabinas de lacas 1 e 2. Esta estación robotizada é a que aplica o novo apresto con menos micras.

Características das cubas		
TTS	Proceso	Volume (m ³)
	Lavado 1: desengraxado por aspersion	40
	Lavado 2: desengraxado por inmersión	150
	Lavado 3: desengraxado por inmersión	150
	Enxaugue 1: aspersion	12
	Enxaugue 2: inmersión	85
	Enxaugue (ex-afinado): inmersión	85



	Tratamento OSXILAN	300
	Enxaugue 3: aspersión	12
	Enxaugue 4: inmersión	85
	EAD0 (enxaugue auga desmineralizada etapa 0): por inmersión	85
	EAD1 (enxaugue auga desmineralizada etapa 1): por aspersión	6
	EAD2 (enxaugue auga desmineralizada etapa 2): por inmersión	85
	ESCORRIDO (cuba baleira)	85
Cataforese	CUBA CATA: por inmersión	300
	UFR2 (Ultra filtro reciclado): por aspersión	20
	UFR3 (Ultra filtro reciclado): por inmersión	80
	UFR4 (Ultra filtro reciclado): por aspersión	20
	UFR5 (Ultra filtro reciclado): por aspersión	80
	EDR6 (auga desmineralizada reciclada): por aspersión	20

Montaxe ("Assembly shop")

Ocúpase de realizar a ensamblaxe de todos os subconxuntos do vehículo sobre o propio vehículo. Consta de dúas liñas independentes, en función do tipo de vehículo. Ao día móntanse 2.300 vehículos.

Baterías

A planta conta con dous talleres para a montaxe de baterías eléctricas cunha capacidade total de 34 baterías/hora (14 bat/h + 20 bat/h).

4. CICLO DA AUGA

O abastecemento de auga da instalación procede:

- captación de auga do río Lagares: auga industrial. Esta corrente é depurada na instalación e posteriormente empregada nas torres de refrixeración, tratamento de superficies, lavadores de pintura, limpeza técnica, depuradoras e auga contra incendios;
- traída municipal: auga potable. Emprégase nas torres de refrixeración, no tratamento de superficies e cataforese, nas caldeiras de auga sobrequentada, no montaxe/carrocería das cabinas de estanqueidade (por melloras de calidade) e para consumo humano.

Conta con redes de colectores separados para os distintos tipos de efluentes:

- rede de colectores de augas pluviais;
- rede de colectores de augas fecais;
- rede de colectores de augas industriais residuais.



As dúas primeiras redes verten directamente ao colector municipal. As augas industriais residuais son tratadas nunha estación depuradora de augas residuais (EDARI) propia previamente á súa incorporación ao colector municipal. Todas as correntes únense nun único punto de vertido ao colector de saneamento municipal.

5. PARQUE DE RESIDUOS

Con 2.222 m² de superficie, está dividido en 4 zonas:

- zona de prensado de cartón, plástico e papel de oficina,
- zona de palets, madeira e achas de madeira,
- zona de residuos non perigosos,
- zona de residuos perigosos.

6. SISTEMA DE TRATAMENTO DE COMPOSTOS ORGÁNICOS VOLÁTILES (COV)

A corrente de gases de saída do proceso de pintura trátase antes da súa emisión nunha instalación de incineración.

Esta instalación conta con tres incineradores recuperativos (estufa de lacas 2, de lacas 3 e de aprestos 2) e un incinerador rexenerativo-recuperativo (cabinas de lacas 1, 2 e 3 e estufas de cataforese). O incinerador da estufa de aprestos 2 deixará de funcionar coa posta en marcha do proceso 4Wet, xa que se eliminan os focos asociados.

Na incineración rexenerativa recupérase a calor dos fumes de saída para quentar fluídos de proceso e na incineración recuperativa para quentar os fornos de secado das carrocerías pintadas.

7. CAPACIDADE

A capacidade de produción é de 650.000 vehículos/ano.

8. CONSUMOS DE MATERIAS PRIMAS, AUXILIARES, AUGA E ENERXÍA PREVISTOS TRAS A EXECUCIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Materia prima/Auxiliar	Consumo (datos 2023)
Chapa para embutir de aceiro	205.200.100 kg
Chapa para embutir de aluminio	5.253.892 kg
Produtos de cataforese	3.293.931 kg
Masillas	3.632.999 kg
Produtos de pintura	3.525.251 kg
Disolventes	1.853.193 kg





Recursos	Consumo (datos 2023)
Auga potable (rede abastecemento municipal)	258.104 m ³
Auga industrial (captación río Lagares)	640.243 m ³
Enerxía eléctrica	144.667.641 kWh
Gas natural	13.384.754 Nm ³
Gasóleo (maquinaria e vehículos)	2.024.430 L



3. CONDICIÓN XERAIS

1. PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

Contarase coas inscricións que correspondan no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, manteranse actualizadas e cumpriranse cos condicionantes recollidos nestas.

A empresa deberá presentar, segundo o modelo oficial, unha memoria resumo anual da información contida no arquivo cronolóxico, referida ao ano natural anterior, antes do 1 de marzo de cada ano, de conformidade co sinalado no artigo 65 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. O procedemento a seguir e o modelo oficial que deben presentar pódese atopar na páxina web do "Sistema de información de residuos de Galicia".

En todo caso, deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

2. REXISTRO ESTATAL DE EMISIÓNS CONTAMINANTES

A instalación está afectada polo Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas (BOE núm. 96 do 21.4.2007) polo que o titular debe comunicar a información requirida anualmente, vía telemática, ao rexistro galego PRTR de emisións (REGADE-Sección PRTR).

O órgano ambiental tomará en consideración que, para todos os contaminantes do anexo II que non declare, o titular poderá xustificar a súa inexistencia ou baixa representatividade.

Os datos de materias primas principais, consumo de combustible e usos de electricidade e auga, do mesmo xeito que os datos de produción e datos históricos, deberán ser parte da declaración PRTR-Galicia, coas unidades e da forma que estea indicado na páxina habilitada para a declaración anual.

Ademais do anterior, nesta notificación deberase incluír polo menos:

- Para o caso de contaminantes calculados: indícaranse as fontes dos métodos de cálculo e factores de emisión aceptados nos ámbitos nacionais e internacionais e representativos do sector industrial, así como os datos do proceso industrial para determinar a carga máscica das instalacións, todo a fin de poder validar os resultados.
- Para o caso de contaminantes medidos: norma que contén ao método de medida, número de medidas (no caso de mostraxes non continuas) e todos os parámetros necesarios para obter o valor declarado de carga máscica anual (resultados en masa/volume normalizado e en base seca, horas de funcionamento do foco ou proceso do que proceda e resultados en kg/ano ou t/ano).





- Para o caso de contaminantes estimados: indicaranse en que se fundamentan as estimacións non normalizadas, así como cantos datos do proceso industrial deben ser tidos en conta para determinar a carga máscica das emisións.

A publicación do Regulamento (UE) 2024/1244 do Parlamento Europeo e do Consello pode modificar os campos e a forma de solicitude dos datos a partires da súa entrada en vigor, pero en ningún caso reducirá o nivel de responsabilidade da instalación sobre a información reportada na declaración.

3. INFORMES DE SITUACIÓN DO SOLO

A instalación está dentro do ámbito de aplicación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados (DOG núm. 57 do 24.3.2009). De acordo co disposto no artigo 5 do antedito decreto, o titular da instalación está obrigado a remitir un informe de situación cada 5 anos. Este informe deberá presentarse dentro dos 3 meses anteriores á data de expiración do prazo.

Ademais, conforme co establecido no artigo 10.2 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados de lacontaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013), como mínimo cada dez anos presentarse un control periódico do solo. Previamente a súa realización, deberase presentar a esta dirección xeral unha proposta para a súa aprobación.

4. CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO EN SITUACIÓNS DISTINTAS DAS NORMAIS E EN CASO DE ACCIDENTE/INCIDENTE

Sen prexuízo das medidas que o titular deba adoptar en cumprimento do seu plan de autoprotección, a normativa de protección civil, de prevención de riscos laborais, do seu plan de emerxencia exterior no marco das medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, ou de calquera outra normativa de obrigado cumprimento que afecte á instalación e da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental, o titular da instalación deberá:

a) Ante situacións de explotación que poidan afectar ao medio ambiente ou con posibles repercusións na saúde das persoas, como nos casos de posta en marcha e/ou parada, derramos de materias primas, residuos, vertidos ou emisións á atmosfera superiores ás admisibles, fallos de funcionamento ou paradas temporais:

- Dispor dun plan específico de actuacións e medidas para as condicións de explotación distintas ás normais, co fin de previr ou, cando isto non sexa posible, minimizar os danos ao medio ambiente e as posibles repercusións na saúde das persoas.
- Comunicar inmediatamente ao órgano de cunca e ao órgano ambiental competente calquera anomalía na actividade e/ou nas instalacións de depuración de augas residuais que poidan orixinar un vertido, autorizado ou non, en condicións inadecuadas ou que poida supor a realización dun by-pass de augas non tratadas. Simultaneamente, adoptaranse as actuacións e medidas necesarias para corríxila no menor tempo posible, debendo cesar o vertido de inmediato.





- Comunicar inmediatamente ao órgano ambiental competente os casos de desaparición, perda ou escape de residuos perigosos, os incidentes na instalación que poidan afectar negativamente á calidade do solo, así como calquera emisión á atmosfera non incluída na autorización ou que supere os límites establecidos, adoptando simultaneamente as actuacións e medidas necesarias para corrixilas.

Dentro destas medidas considerárase, no caso de ser necesario, a suspensión da actividade.

b) No caso de accidente, adoptar as medidas recollidas nos plans de emerxencia, realizando as comunicacións inmediatas que procedan aos diferentes organismos que deban intervir. Dentro destas comunicacións incluírase o órgano ambiental competente.

Ademais, nun prazo máximo de 48 horas, realizaranse as ditas comunicacións por escrito indicando: tipo de incidencia/accidente ou suceso, localización, causas, hora na que se produciu e duración; no caso de vertido accidental: caudal e materias vertidas; no caso de superacións de límites: datos de emisións; estimación dos danos causados; medidas correctoras adoptadas; medidas preventivas para evitar a súa repetición; prazos previstos para a aplicación efectiva de medidas preventivas. Finalizado o suceso, nun prazo máximo de 30 días a contar dende este, presentárase un informe detallado coas medidas adoptadas debidamente acreditadas, persistencia dos problemas e propostas de solución para evitar a súa repetición.

5. INSPECCIÓN DE SEGUIMIENTO

De acordo co disposto no capítulo III do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados de la contaminación, ao longo da vixencia da autorización realizaranse inspeccións de seguimento da actividade para verificar o cumprimento das condicións establecidas nesta.

Sen detrimento do anterior, en todo momento e sen previo aviso, poderase acceder á instalación e realizar as inspeccións que se estimen convenientes para comprobar o cumprimento das condicións impostas nesta autorización.

6. REVISIÓN SUCESIVAS DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA

Á instalación aplícalle o procedemento de revisión da autorización ambiental integrada regulado no artigo 26 do Real decreto lexislativo 1/2016:

- O órgano ambiental competente revisará as condicións da autorización ambiental integrada nun prazo de 4 anos a partir da publicación de novas conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles, en canto á principal actividade da instalación. A revisión terá en conta todas as conclusións relativas aos documentos de referencia MTD aplicables á instalación, dende que a autorización fora concedida, actualizada ou revisada.
- Se a instalación non está cuberta por ningunha das conclusións relativas ás MTD, as condicións da autorización revisaranse e, de ser o caso, adaptaranse cando os avances nas mellores técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións.
- A autorización revisárase de oficio nos supostos sinalados no apartado 4 do dito artigo 26.





7. COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓN NA INSTALACIÓN E DE CAMBIO DE TITULARIDADE

O titular da instalación deberá comunicar ao órgano ambiental competente calquera modificación, substancial ou non, que se propoña realizar na instalación, de conformidade co disposto nos artigos 10 do Real decreto lexislativo 1/2016 e 14 do Real decreto 815/2013.

No caso de modificacións substanciais deberá actualizarse a análise de riscos medioambientais, de conformidade co regulado no artigo 34 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 255 do 24.10.2007).

Ademais, tamén deberá comunicar a transmisión da titularidade e/ou cambio de razón social da instalación, aportando a documentación acreditativa e o informe de situación de solos regulado no artigo 5 do Decreto 60/2009. O novo titular continuará nas mesmas condicións da autorización ambiental integrada en vigor, de maneira que non será considerada como unha nova instalación.

8. CESAMENTO TEMPORAL

O titular deberá presentar unha comunicación previa ao cesamento temporal da actividade, total ou parcial. No caso de ter varias actividades autorizadas indicará en cal delas se produce aquel. Durante este período deberán cumprir coas condicións establecidas na autorización ambiental integrada en vigor que lle sexan aplicables. Poderá reanudar a actividade de acordo coas condicións da autorización, previa presentación dunha comunicación. O cesamento temporal non poderá superar os 2 anos dende a súa comunicación.

9. CESAMENTO DEFINITIVO E PECHE DA INSTALACIÓN

O titular comunicará o cesamento definitivo da actividade, total ou parcial, ao órgano ambiental competente cunha antelación mínima de 6 meses á data prevista. No caso que ter varias actividades autorizadas indicará en cal delas se produce o cesamento. Se este afectase a todas as actividades, producirase o peche da instalación.

Xunto coa dita comunicación, de ser o caso, deberá presentar o proxecto completo de desmantelamento das instalacións para a súa aprobación.

Este proxecto deberá conter, polo menos, unha previsión das actuacións para o desmantelamento de equipos e infraestruturas en función do uso posterior do terreo, unha descrición dos tipos e cantidades de residuos a xerar durante o desmantelamento, xestión, planificación temporal das actuacións, presuposto previsto para todas as operacións, unha proposta de seguimento e control ambiental e o informe de situación de solos regulado no artigo 5 do Decreto 60/2009. En particular, deberá darse cumprimento ao artigo 23 do Real decreto lexislativo 1/2016.

Tras a avaliación da antedita documentación o órgano ambiental competente establecerá as condicións que lles aplican a estas actuacións.





10. RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL

O operador ten a obriga de cumprir as premisas establecidas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental e na súa normativa de desenvolvemento.

11. INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DA AUTORIZACIÓN

O incumprimento das condicións recollidas na resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no título IV do Real decreto legislativo 1/2016, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.

12. OUTRAS AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

Esta autorización ambiental outórgase sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo das demais autorizacións e licenzas que sexan esixibles polo ordenamento xurídico vixente.

4. CONDICIÓN ESPECÍFICAS

1. MELLORES TÉCNICAS DISPOÑIBLES (MTD)

A actividade que se desenvolve na instalación está dentro do alcance da Decisión de Execución (UE) da Comisión do 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), conforme coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais, para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos.

Na seguinte táboa recóllense as técnicas descritas na citada decisión que aplican á actividade e o grao actual de cumprimento por parte do titular. No caso de que apliquen varias técnicas e o documento estableza a posibilidade de implantar unha ou unha selección, recóllense as técnicas implantadas:

1.1 Conclusións sobre as MTD xerais		
MTD	Descrición	Grao de implantación
1.1.1 Sistema de xestión ambiental		
1	Implantar e cumprir un sistema de xestión ambiental cunhas características específicas.	Dispoñen dun sistema de xestión ambiental certificado conforme coa norma UNE-EN ISO 14001:2015 que inclúe o proceso de pintura. O sistema implantado conta con todas as características recollidas nesta técnica.
1.1.2 Comportamento ambiental global		
2	Identificar as zonas/seccións/fases do proceso que máis contribúen ás emisións de COV e ao consumo de enerxía e que teñen maior potencial de mellora. Identificar e poñer en marcha medidas para minimizar as emisións de COV e o consumo de enerxía. Actualizar periodicamente a situación (polo menos 1/ano) e realizar un seguimento da execución das medidas determinadas.	Revisión anual dos aspectos significativos e establecemento dun programa de accións para minimizalos. Animación mensual "eBusiness Club" (Medioambiente, Enerxía, Pintura...) para compartir boas prácticas ambientais entre todos os responsables. Elaboración trimestral do balance de COV para actualizar os impactos de cada etapa do proceso de pintura e avaliación das accións. Elaboración de balance anual.
1.1.3 Selección de materias primas		
3	a) Utilización de materias primas cun impacto ambiental baixo.	Dispoñen do procedemento interno (HSP en evolución a CHEMA) para validar dende o punto de vista ambiental e da saúde todos os produtos químicos que se proxecta utilizar.
	b) Optimización do uso de disolventes no proceso.	Dispoñen dun plan de xestión para a optimización continua do proceso e das materias. Algunhas das medidas adoptadas son: pintura en bafaradas (sen purga de disolvente) aplicada en todas as cabinas de lacas; utilización de pulverizadores electrostáticos (alcanza o 80% de la aplicación);





		protección con filme das cabinas para evitar limpezas con disolvente.
1.1.4 Almacenamento e manipulación de materias primas		
4	Para reducir o uso de disolventes, as emisións de COV e o impacto ambiental xeral das materias primas utilizadas, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas descritas.	
	a) Uso de pinturas/ recubrimentos/ vernices/tintas/ adhesivos en base disolvente con alto contido en sólidos.	Aplicado parcialmente: En curso plan específico (plazo 2022).
	b) Uso de pinturas/ recubrimentos/ vernices/tintas/ adhesivos en base auga.	Aplicado parcialmente: Cataforese base auga. LASD base auga (solucións robóticas avanzadas para a aplicación de insonorizantes LASD - <i>Liquid Applied Sound Deadener</i> - na parte interior das portas do vehículo, onde é necesario controlar a vibración.
	e) Uso de adhesivos de fusión en quente.	Aplicado.
5	Para evitar o reducir as emisións fuxitivas de COV durante o almacenamento e a manipulación de materiais que conteñan disolventes ou de materiais perigosos, a MTD consiste en aplicar os principios dunha boa administración ao utilizar todas as técnicas descritas.	
	a) Técnicas de xestión: elaboración e posta en marcha dun plan para a prevención e o control das fugas e os derrames.	Planes de actuación ante vertido dispoñibles polos departamentos de bombeiros e limpeza. Sinalización en zonas de presenza de produtos químicos da conduta a seguir en caso de vertido de produtos químicos con identificación das funcións e responsabilidades dos departamentos implicados, desde a detección ata a segregación dos residuos xerados. Formación ambiental de todos os traballadores con módulo específico de prevención de derrames de produtos químicos e actuación en caso de vertido. Cartografía de principais zonas de risco de contaminación química incluída no estándar "Control operacional para situacións de risco ambiental". Sistema de contención de derrames en zonas de carga e descarga de produtos químicos e en zonas de utilización destes. Contedores de COV selados e en zonas protexidas. Identificación do equipamento de contención e limpeza de derrames e control da dispoñibilidade. Inspección diaria sobre o terreo diaria por parte de persoal do taller de Pintura. Xestión das instalacións sometidas a regulamentación e ATEX. Etiquetado RHP (Risco altamente protexido) do proceso pintura outorgado polo seguro.
	Técnicas de almacenamento	Almacenamento de produtos non necesarios en depósitos fóra da área de produción, con retención. Contedores cerrados ata o momento do uso.
	b) Selado ou recubrimento de contedores e zonas de almacenamento confinadas.	Aplicado.
	Técnicas de almacenamento	Aplicado.





	c) Redución ao mínimo do almacenamento de materiais perigosos nas zonas de produción	
	Técnicas de bombeo e manipulación de líquidos d) Técnicas para evitar as fugas e os derrames durante o bombeo.	Material e equipamento ATEX. Programa de mantemento preventivo.
	Técnicas de bombeo e manipulación de líquidos e) Técnicas para evitar os desbordamentos durante o bombeo.	Equipo humano de Pintura ligado ás salas de preparación. Ausencia de almacenamento a granel. Existencia de alarma óptica de alto nivel para os almacenamentos máis grandes.
	Técnicas de bombeo e manipulación de líquidos f) Captura de vapor de COV durante a entrega de material que conteña disolvente.	Aplicado parcialmente: Trasfego estanco (aplicado parcialmente).
	Técnicas de bombeo e manipulación de líquidos Contención de derrames ou absorción rápida ao manipular materiais que conteñan disolvente.	Todas as zonas de trasfego teñen sistema de retención de derrames. Uso de bidóns e contedores estancos que permanecen cerrados ata o momento de uso.
1.1.5 Distribución de materias primas		
	Para reducir o consumo de materias primas e as emisións de COV, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas descritas a continuación.	
6	a) Subministro centralizado de materiais que conteñan COV (por exemplo, tintas, recubrimentos, adhesivos ou axentes de limpeza).	Rede de tuberías. Os materiais distribúense centralizados. Deseño de rede para minimización de purgas.
	c) Subministro dos materiais que conteñan COV (por exemplo, tintas, recubrimentos, adhesivos ou axentes de limpeza) no punto de aplicación utilizando un sistema cerrado.	Emprego de tuberías.
	d) Automatización do cambio de cor.	Aplicado.
	e) Agrupación por cores.	Aplicado (pintura en bafaradas).
1.1.6 Aplicación de recubrimentos		
7	Para reducir o consumo de materias primas e o impacto ambiental xeral dos procesos de aplicación de recubrimentos, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas descritas.	





	Técnicas de aplicación distintas da pulverización e) Electrorecubrimento.	Aplicado parcialmente: 100% de pintura en cataforese por electrodeposición.
	Técnicas de aplicación distintas da pulverización f) Inundación.	Aplicado parcialmente: 100% de pintura en cataforese corpos ocios por inundación.
	Técnicas de pulverización atomizada h) Pulverización sin aire asistida por aire.	Aplicada parcialmente.
	Técnicas de pulverización atomizada j) Atomización cun gran volume de aire e baixa presión.	Aplicada parcialmente: Pintura de verniz a baixa presión.
	Técnicas de pulverización atomizada Atomización electrostática (totalmente automatizada).	Aplicada parcialmente.
	Técnicas de pulverización atomizada Pulverización con o sen aire con asistencia electrostática.	Aplicada parcialmente.
	Automatización da pulverización por atomización o) Aplicación mediante robot.	Robotización da pulverización de recubrimento de vehículos próxima ao 100% en condicións nominais.
	Automatización da pulverización por atomización Aplicación con máquinas.	Aplicada.
1.1.7. Secado/curado		
8	Para reducir o consumo de materias primas e o impacto ambiental xeral dos procesos de secado/curado, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas descritas.	
	d) Curado por radiación.	Aplicado parcialmente: Aplicase onde é técnica e economicamente viable (Retoques...).
	e) Secado combinado por convección/radiación IR.	Aplicado.
1.1.8 Limpeza		
9	Para reducir as emisións de COV derivadas dos procesos de limpeza, a MTD é minimizar o uso de axentes de limpeza en base disolvente e utilizar unha combinación das técnicas descritas.	





	a) Protección das zonas e os equipos de pulverización.	Aplicado parcialmente.
	b) Eliminación de sólidos antes da limpeza integral.	Aplicado parcialmente (onde é tecnicamente posible, como os <i>tramex</i>).
	c) Limpeza manual con baetas preimpregnadas.	Aplicado parcialmente (onde é tecnicamente posible, como en robots e máquinas).
	e) Uso de axentes de limpeza de baixa volatilidade.	Non utilizan disolventes para a limpeza en condicións normais.
	f) Limpeza en base auga	Aplicado parcialmente (onde é tecnicamente posible, como en corredores das instalacións de Pintura).
	g) Máquinas de limpeza confinadas.	Aplicado parcialmente (onde é tecnicamente posible, como nos patíns).
	h) Limpeza con pulverizador de auga a alta presión.	Aplicado parcialmente (onde é tecnicamente posible, como os <i>tramex</i>).
	j) Limpeza con neve carbónica (CO ₂).	Úsase neve carbónica (limpeza crioxénica) para limpeza das cadeas de estufas nos períodos de parada.
1.1.9 Monitorización		
1.1.9.1 Balance de masa de disolvente		
10	Monitorizar as emisións totais e fuxitivas de COV ao realizar, polo menos unha vez ao ano, un balance de masa de disolvente das entradas e saídas de disolventes da instalación, segundo o previsto na parte 7, punto 2, do anexo VII da Directiva 2010/75/UE, e reducir ao mínimo a incerteza dos datos sobre o balance de masa de disolvente ao utilizar todas as técnicas descritas.	
	Identificación e cuantificación íntegras das entradas e saídas de disolventes pertinentes, incluída a incerteza conexas.	Balance de COV.
	b) Posta en marcha dun sistema de monitorización de disolventes.	Balance de COV.
	c) Monitorización dos cambios que poderían afectar á incerteza dos datos sobre o balance de masa de disolvente.	Balance de COV. Ficha de desaxuste do balance de COV. Mantemento (programa <i>Compas</i>).
1.1.9.2 Emisións a través de gases residuais		
11	Monitorizar as emisións de gases residuais polo menos coa frecuencia que se indica e de acordo con normas EN. Si non se dispón de normas EN, utilizar normas ISO, normas nacionais u outras normas internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.	





	Partículas Frecuencia: unha vez ao ano (1) Norma: EN 13284-1	Establécese nesta resolución.
	COVT	Establécese nesta resolución.
	Calquera cheminea cunha carga <10 kg/h Frecuencia: unha vez ao ano (1) (2) (3) Norma: EN 12619	Establécese nesta resolución.
	Calquera cheminea cunha carga >10 kg/h Frecuencia: en continuo Norma: EN xenéricas (4)	Establécese nesta resolución.
	DMF	Non aplica (recubrimento de produtos téxtiles, láminas e papel).
	NOx (tratamento térmico dos gases de saída) Frecuencia: unha vez ao ano (5) Norma: EN 14792	Establécese nesta resolución.
	CO (tratamento térmico dos gases de saída) Frecuencia: unha vez ao ano Norma: EN 15058	Establécese nesta resolución.
<p>(1) Na medida do posible, as medicións efectúanse no estado de emisión máis elevado previsto en condicións normais de funcionamento.</p> <p>(2) No caso de que a carga de COVT sexa inferior a 0,1 kg C/h ou de que haxa unha carga de COVT estable non reducida inferior a 0,3 kg C/h, a frecuencia da monitorización podería reducirse a unha vez cada tres anos ou a medición podería substituírse por un cálculo, sempre que este garanta datos dunha calidade científica equivalente.</p> <p>(3) Para o tratamento térmico dos gases de saída, realízanse medicións en continuo da temperatura da cámara de combustión. Esta medición combínase cun sistema de alarma que informa cando a temperatura non entra dentro do rango óptimo.</p> <p>(4) As normas EN xenéricas sobre as medicións en continuo son: EN 15267-1, EN 15267-2, EN 15267-3 e EN 14181.</p> <p>(5) No caso de que a cheminea teña unha carga de COVT inferior a 0,1 kg C/h, a frecuencia podería reducirse a unha vez cada tres anos.</p>		
1.1.9.3 Emisións á auga		
12	Monitorizar as emisións á auga polo menos coa frecuencia que se indica e de acordo con normas EN. Si non se dispón de normas EN, utilizar normas ISO, normas nacionais u outras normas internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.	
	TSS (1) Frecuencia: unha vez ao mes (2) (3) Norma: EN 872	Establécese nesta resolución.
	DQO (1) (4) Frecuencia: unha vez ao mes (2) (3) Norma: ningunha norma dispoñible	Establécese nesta resolución.
	COT (1) (4) Frecuencia: unha vez ao mes (2) (3) Norma: EN 1484	Establécese nesta resolución.





	Cr (VI) (5) (6)	Non aplica (recubrimento de aeronaves e de bobinas).
	Ni (6) Frecuencia: unha vez ao mes (2) (3) Norma: EN ISO 11885	Establécese nesta resolución.
	Zn (6) Frecuencia: unha vez ao mes (2) (3)	Establécese nesta resolución.
	AOX (6) Frecuencia: unha vez ao mes (2) (3) Norma: EN ISO 9562	Establécese nesta resolución.
	F- (6) (8) Frecuencia: unha vez ao mes (2) (3) Norma: EN ISO 10304-1	Establécese nesta resolución.
<p>(1) Esta monitorización solo é aplicable no caso de que se realicen vertidos directos a unha masa de auga receptora. (2) A frecuencia pode reducirse a unha vez cada tres meses si se demostra que os niveles de emisión son suficientemente estables. (3) No caso dos vertidos por lotes cunha frecuencia menor á frecuencia mínima de monitorización, esta se realizará unha vez por lote. (4) Outras alternativas son a monitorización do COT e da DQO. A opción preferida é a monitorización do COT, xa que non require o emprego de compostos moi tóxicos. (5) A monitorización do Cr(VI) soamente é aplicable si se utilizan compostos de cromo (VI) nos procesos. (6) No caso de que se realicen vertidos indirectos a unha masa de auga receptora, a frecuencia da monitorización poderá reducirse si a instalación de tratamento de augas residuais á que se destinen está correctamente deseñada e equipada para eliminar os contaminantes de que se trate. (7) A monitorización do Cr soamente é aplicable si se utilizan compostos de cromo nos procesos. (8) A monitorización do F- soamente é aplicable si se utilizan compostos fluorados nos procesos.</p>		
1.1.10 Emisións durante condicións de funcionamento CDCNF		
13	Para reducir a frecuencia coa que se producen CDCNF e as emisións durante CDCNF, a MTD consiste en utilizar as dúas técnicas.	
a	Identificación de equipos críticos para a protección do medio ambiente a través dunha avaliación de riscos. En principio inclúe a todos os equipos e sistemas mediante os que se manipulan COV .	A Inxeñería de Pintura e a do Centro (IBIE) identifican os equipos críticos nas novas implantacións. Realízase un seguimento e recepción por parte de Mantemento e Pintura para integralos no seu programa, así como por parte do Departamento de Medio Ambiente.
b	Inspección, mantemento e monitorización: programa estruturado para maximizar a dispoñibilidade e o rendemento dos equipos críticos que inclúa procedementos normalizados de traballo e mantemento de prevención, regular e non programado. Realízase un seguimento do período de CDCNF, a súa duración, a súas causas e, se fora posible, das emisións durante ditos períodos.	Plan de vixilancia a través do útil <i>Compas</i> . Boas prácticas compartidas a través dos diferentes <i>Business Club</i> .


Os almacenamentos de residuos efectuaranse sobre pavimento formigonado, realizando constantes labores de mantemento co obxecto de evitar a infiltración no solo e a afección ás augas subterráneas.

Ante calquera posible afección aos solos que puidera xurdir de procesos como fugas, derramos, roturas de depósitos, conducións ou calquera incidente derivado da incorrecta manipulación de materias e residuos, estableceranse actuacións e plans de acción para a súa corrección.

8.2 Vixilancia e control ambiental

O control da calidade dos solos e das augas subterráneas realizarase mediante determinacións periódicas nos piezómetros que se reflicten na seguinte imaxe:



Os parámetros e frecuencia de control son:

Puntos	Periodicidade	Parámetros
P-7	Anual	Nivel freático pH Condutividade Hidrocarburos totais de petróleo C)ianuros Cianuros Metais ⁽¹⁾ BTEX (Benceno, Tolueno, Xileno, Etilbenceno) Hidrocarburos clorados ⁽²⁾ Compostos orgánicos volátiles (COV) Carbono orgánico total Fluoruros AOX (compostos orgánicos haloxenados)
PA-1		
P-17		
P-21		
PNA-1		
P-1		
P-4		
P-5A		
P-6		
P-8		
P-9		
P-10		
P-12		
P-13		
P-14A		
P-15		
P-20		
P-22		
P-23A		
P-24A		
P-25A		
P-26A		
PNA-2		
PNA-3		
⁽¹⁾ Aluminio, níquel, arsénico, cadmio, cromo, mercurio, chumbo e cinc		
⁽²⁾ 1,1-dicloroetileno, trans-1,2-dicloroetileno, cis-1,2-dicloroetileno, tetracloruro de carbono, tricloroetileno, tetracloroetileno, 1,1-dicloroetano, 1,1,1-tricloroetano, 1,2-dicloroetano, 1,1,2-tricloroetano e cloruro de vinilo		

Para os hidrocarburos totais do petróleo deberá realizarse a separación de cadeas alifáticas e aromáticas co obxecto de poder comparar o resultado cos valores xenéricos de referencia recollidos no Real decreto 665/2023, do 18 de xullo, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico e o Real decreto polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.

A toma de mostras deberá ser realizada por unha entidade de inspección acreditada de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17020, no sector ambiental, campo solos e as determinacións analíticas as realizará un laboratorio acreditado segundo a norma UNE EN ISO/IEC 17025, para





todos os parámetros que se determinen, de conformidade co artigo 22 do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento de declaración de solos contaminados.

Os piezómetros deberán permanecer operativos durante toda a vida útil da instalación, realizándose as operacións de mantemento necesarias cara a garantir a súa permanencia. Revisaranse as tapas exteriores para evitar a entrada de elementos externos e realizarase o desenvolvemento de cada un dos piezómetros co fin de eliminar os finos que se puideran acumular e tupidar a tubaxe de PVC. No caso de que algún piezómetro deixe de estar operativo, deberán instalar un novo que o substitúa.

A mostraxe das augas subterráneas será representativa das condicións do acuífero e incluírá os pertinentes bombeos de volume de auga para garantir a súa representatividade.

O informe da mostraxe dos controis periódicos deberá recoller as coordenadas da situación dos puntos de mostraxe (sistema ETRS 89, fuso 29), describir os antecedentes e instalacións do establecemento, os posibles incidentes ou modificacións que houbera, a metodoloxía de inspección e toma de mostraxas, incluíndo a previa determinación da situación do nivel freático e a posible presenza, e no seu caso, espesor de produto libre, así coma unha reportaxe fotográfica ilustrativa das instalacións e dos traballos realizados. Os puntos de mostraxe situaranse sobre un plano das instalacións que deberá estar orientado e con escala gráfica e numérica, incluíndose un plano coa piezometría.

No caso de producirse algún incidente ou accidente que poida afectar ao solo, ou de realizarse estudos do solo ou das augas subterráneas, probas de estanquidade, revisións, ou balances con resultado negativo, deberá comunicalo a esta dirección xeral coa maior brevidade posible, sen prexuízo das medidas de emerxencia que se adopten.

Está prohibido botar calquera produto no piezómetro existente nas instalacións se esta actuación non se atopa amparada por un proxecto de recuperación aprobado por esta dirección xeral ou sen a previa autorización do organismo de conca.

Se como resultado das análises efectuadas se detectasen zonas de solo ou augas contaminadas estableceranse, de acordo con esta dirección xeral, criterios de avaliación de riscos e plans de acción para o seu control.

5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

1. RESPONSABLE DO CONTROL DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

A instalación debe contar cun responsable do control do cumprimento do plan de vixilancia incluído nesta autorización.

O cambio do responsable será comunicado a esta dirección xeral no momento en que se produza.

2. METODOLOXÍA DE MEDICIÓN E ENSAIOS

Salvo indicación expresa noutro sentido, as tomas de mostras e as análises serán efectuadas por un organismo de control acreditado, seguindo a metodoloxía establecida en normas EN, UNE-EN, UNE e, en ausencia destas, noutras normas internacionais ou nacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalentes.

Os métodos analíticos deben permitir alcanzar os límites de detección cuantitativos e cualitativos necesarios para valorar as concentracións presentes con seguridade.

3. PRESENTACIÓN DA MEMORIA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

O titular elaborará unha memoria do seguimento ambiental realizado para cada semestre natural do ano, que se presentará nesta dirección xeral no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do semestre:

- a memoria ten que asinala un representante legal da instalación ou o responsable do cumprimento do plan de vixilancia da autorización ambiental integrada;
- os informes incluídos estarán asinados polo/s técnico/s competente/s responsable/s da súa elaboración;
- a memoria debe vir acompañada dunha folla de cálculo editable onde se recollan todos os datos obtidos nas medicións realizadas.

A documentación presentarse en formato electrónico, organizada en arquivos/carpetas que faciliten a súa revisión.

Utilizarase a sinatura electrónica recoñecida.

4. CONTIDO DA MEMORIA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

As memorias recollerán os controis realizados no semestre que corresponda, de acordo coas periodicidades establecidas nesta resolución.

Os informes dos controis analíticos deberán especificar os procedementos de mostraxe e os métodos analíticos empregados.





Contido da memoria	
Responsable	Identificación do responsable do cumprimento do seguimento ambiental.
Plano	Plano sobre ortofoto no que se delimite a instalación e se localicen os puntos de control. Recollerá as coordenadas UTM ETRS89 dos ditos puntos e a orientación.
Datos de explotación (no 2º semestre)	Produción de vehículos recubertos e % respecto da capacidade total.
	Produción de baterías e % respecto da capacidade total.
	Consumo de disolventes.
Niveis de comportamento ambiental asociados ás MTD (no 2º semestre)	Consumo específico de enerxía (MWh/vehículo recuberto) vs NCAA-MTD (niveis de consumo específico de enerxía asociados ás mellores técnicas dispoñibles).
	Consumo específico de auga (m ³ /vehículo recuberto) vs NCAA-MTD (niveis de consumo específico de auga asociados ás mellores técnicas dispoñibles).
	Residuos enviados fóra da instalación procedentes do recubrimento de vehículos (kg/vehículo recuberto) vs nivel indicativo para cantidade específica de residuos enviados fóra da instalación.
Sistema de xestión ambiental (anual)	Resultado da auditoría externa do sistema de xestión medioambiental. Cando o certificado expire, acompañarase do certificado para o novo período.
Emisións á atmosfera (no 2º semestre)	Cumprimento da periodicidade dos controis. No caso de non ter dado cumprimento, xustificación do motivo.
	Valoración do cumprimento dos valores límite de emisión, con datos e expresión gráfica dos resultados desde o ano no que se outorga esta autorización ambiental integrada. Inclúiranse tamén os datos e gráficos de caudal de gases en condicións normais e osíxeno (%V).
	Para os controis en continuo: Datos de emisión (diarios e horarios) con datos e expresión gráfica dos resultados. Informes de cumprimento da norma UNE-EN 14181: "Aseguramento da calidade dos sistemas automáticos de medición" (NGC2 e EAS).
	Estudo das desviacións, se corresponde. No caso de que as emisións non cumprisen cos valores límite de emisión establecidos ou se detectase algunha desviación anómala nos valores obtidos, incluírase unha análise das posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e avaliación da súa efectividade.
Olores	Plan de xestión de olores actualizado.
Ruído	Informe do control e valoración dos resultados.
Vertidos	Boletíns analíticos dos controis realizados e informe valorativo do cumprimento dos valores límite de vertido, con datos e expresión gráfica dos resultados
Solos e augas subterráneas	Boletíns do control e informe de mostraxe sinalado no apartado de augas subterráneas.
Desviacións	Estudio das desviacións ocorridas, indicando as posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e análise da súa efectividade.
Modificacións	Descrición das modificacións/mellores executadas ⁽¹⁾ , xunto con planos explicativos (de ser necesario).
Incidentes/Accidentes	Relación dos sucesos acontecidos, descrición e data na que se comunicaron





	formalmente.
--	--------------

⁽¹⁾ Esta memoria non exime ao titular de efectuar a comunicación previa formal que se indica nas obrigas xerais desta resolución

5. ARQUIVO DA INFORMACIÓN

Salvo indicación expresa noutro sentido, os resultados dos controis requiridos nesta autorización serán arquivados na planta e mantidos durante o período mínimo establecido pola normativa aplicable en cada caso, debendo facilitárselle á administración cando esta os requira.

Santiago de Compostela,

María José Echevarría Moreno

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Esta resolución notificarase e publicarase no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2.10.2015).



ANEXO I. ALEGACIÓNS RECIBIDAS NO TRÁMITE DE AUDIENCIA. RESUMO E VALORACIÓN

Stellantis España, SL presentou un documento no que se recollen as seguintes alegacións. Estas agrúpanse en función do apartado da resolución afectado:

ANTECEDENTES

Alegación: solicita que se mencionen as modificacións máis relevantes que se comunicaron durante a tramitación do procedemento de revisión: recirculación de auga en pintura; modificación da subestación eléctrica e modificación da estufa de cata v1.

Valoración: acéptase a dita petición.

DATOS ADMINISTRATIVOS

Aporta información actualizada das diferentes táboas do apartado, polo que procede a súa incorporación. No que afecta á descrición do alcance do certificado ISO 14001, recollerase o texto do propio certificado.

DESCRIPCIÓN DA INSTALACIÓN

Aporta información actualizada, polo que procede a súa incorporación.

CONDICIÓNS XERAIS

Produción e xestión de residuos

Alegación: informa dun problema co enlace á páxina web do "Sistema de información de residuos de Galicia".

Valoración: para evitar problemas derivados de actualizacións das direccións das páxinas, elimínase o dito enlace.

Rexistro estatal de substancias contaminantes

Alegación: solicita a modificación do texto relativo ás substancias que se deben declarar ao E-PRTR, de forma que se indique expresamente que sexan soamente aquelas do anexo II do Real decreto 508/2007 presentes nos efluentes líquidos e gasosos finais da fábrica incluídas nos planes de vixilancia ambiental da autorización ambiental integrada actual; e que calquera substancia do anexo II non declarada se considere como de baixa presenza/impacto ou inexistente. Tamén consideran necesario que se inclúa unha alusión expresa á posibilidade de acordos entre a Consellería e Stellantis con criterios específicos, por escrito e con rexistro.

Valoración: a información a presentar no rexistro galego PRTR de emisións está indicada no artigo 3 do Real decreto 508/2007: "o titular de cada complexo que realice unha ou varias actividades das incluídas no anexo I por encima dos limiares de capacidade recollidos neste, comunicará anualmente á autoridade competente as cantidades dos elementos que figuran a





continuación indicando se a información baséase en medicións, cálculos ou estimacións: a) Emisións á atmosfera, á auga e ao solo, de calquera dos contaminantes incluídos no anexo II.”

Debe distinguirse entre os seguimentos e controis fixados na autorización, dos procesos de declaración a PRTR. Na declaración a PRTR corresponde ao titular determinar as substancias a declarar, con base no seu maior coñecemento das materias primas e das súas interaccións. Para os contaminantes que non sexan representativos (baixas emisións/vertidos) ou inexistentes polas reaccións físico/químicas/biolóxicas das súas actividades, non será necesaria a súa declaración.

Polo tanto, non se acepta a alegación da empresa en relación a “deixar por escrito que só se declararán a PRTR as substancias incluídas nos plans de vixilancia ambiental da AAI actual”.

Doutra banda, os datos poden ser declarados como medidos, calculados ou estimados. Polo tanto considérase que para as substancias das que posúa datos medidos non poden ausentarse da declaración.

Non obstante, modifícase o texto inicial para axustala ao establecido no Regulamento (UE) 2024/1244 do Parlamento Europeo e do Consello.

Condicións de funcionamento en situacións distintas das normais en caso de accidente/incidente

Alegación: solicita que neste apartado se reflicta que afecta aos accidentes de especial magnitude e/ou que teñan un impacto no exterior.

Valoración: esta condición aplica en todas as situacións que poidan afectar ao medio ambiente ou con posibles repercusións na saúde das persoas, independentemente da súa magnitude, polo que non se estima a petición que se efectúa. Trátase dun criterio xeral deste órgano ambiental incorporado en todas as autorizacións ambientais integradas.

CONDICIÓNS ESPECÍFICAS

Mellores técnicas dispoñibles

Alegación: o titular aporta información actualizada.

Valoración: efectúase a actualización da información.

Emisións á atmosfera

Catalogación de actividades e descrición dos focos canalizados de emisións á atmosfera

Alegación: solicita que se eliminen as referencias aos focos que desaparecerán como consecuencia da implantación do proceso 4Wet, previsto para xullo 2025.

Paralelamente informa de que non se crea ningún foco COV nin de combustión vinculados ao proceso de *Hot stamping*, senón que haberá un punto de emisión de aire quente, posiblemente aproveitable enerxeticamente nun futuro.



Valoración: estímase parcialmente a petición do titular, de forma que esta resolución inclúe unha referencia específica para os focos que se van eliminar. Ademais, actualízase a información relativa ás características dos focos conforme cos últimos datos aportados e corríxense os erros.

Valores límite de emisión e control

Focos de combustión

Alegación: solicita que nos focos de combustión deixe de realizarse a medición de SO₂ e de opacidade, tendo en conta as súas baixas emisións.

Valoración: non se acepta esta petición. O feito de que as emisións nos focos de combustión sexan mínimas non significa que deban deixar de monitorizarse completamente. O control que se require é de 1 medición cada 3 anos en 8 dos 34 focos, non establecéndose control para os focos de combustión con potencia térmica inferior a 700 kWt.

Compostos orgánicos volátiles (COV)

Alegación: o titular entende que non procede cubrir o REGADE-COV posto que non se pode trasladar o límite variable e que este requirimento queda cuberto polo envío do balance de COV anual ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

Valoración: debido a que a plataforma informática REGADE-COV non está adaptada ao novo valor límite de emisión para a instalación (media ponderada e calculada cada ano) a instalación poderá realizar o balance de disolventes e presentar unha declaración anual como comprobación do cumprimento dese valor límite calculado, polo que esa declaración terá carácter informativo, como unha ferramenta de cálculo.

Alegación: o titular considera que a frecuencia de control "semestral" para os compostos orgánicos volátiles non forma parte do criterio xeral da Decisión Europea e solicita que se estableza unha vez estea finalizado o proxecto 4Wet e se realice a campaña de medición, fixéndose en función dos resultados o control en continuo ou o control anual.

Valoración: estase de acordo en realizar unha campaña de medicións despois de implantar o proceso 4Wet para decidir a frecuencia de control. Porén, non se acepta a alegación relativa á frecuencia "semestral". A Decisión Europea indica unha "periodicidade de medición mínima", polo que unha frecuencia distinta da anual resulta posible segundo o documento de conclusións de MTD, MTD 11: a MTD consiste en monitorizar as emisións de gases residuais polo menos coa frecuencia que se indica a continuación e de acordo con normas EN. Se non se dispón de normas EN, pódense empregar normas ISO, normas nacionais ou outras normas internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.

Con base no anterior, establécese unha frecuencia de medición semestral (superior á anual) para determinados focos se a súa carga contaminante de COVT está próxima ou superou nalgunha medida puntual o valor de corte para esixir medida continua (10 kgC/hora). A empresa ten 63 focos de COV e a discusión está en 11 deses focos. Enténdese que a proposta é correcta e está xustificada, e xa ten en conta que nun futuro próximo a empresa instala o sistema 4Wet nas cabinas 2 e 3, xa que en caso contrario debería instalar medidores fixos en tres focos desas dúas cabinas. Considérase que facer unha inversión en medidores fixos en focos que se modificarán en





breve non está xustificado, pero si está xustificada unha verificación de emisións mais frecuente que o mínimo definido pola Directiva en aqueles focos con valores próximos ou con algunha superación do valor de corte para a medición en continuo.

Alegación: o titular considera que se deben considerar exentos de control os focos "salas de bombeo" (non se realiza pulverización de recubrimento, polo que se rexistra unha emisión moi baixa), "incineradores de COV" (non se realiza pulverización de recubrimento e efectúase o cálculo do rendemento, co que xa se está medindo a carga de COVT á entrada e á saída), "retoques" (non hai recubrimento do vehículo, trátase dun pintado puntual de pequenas superficies e nalgunhas carrocerías, é un foco de baixa emisión) e "bitono" (non hai recubrimento do vehículo, unicamente do teito de certos turismos, polo que funciona unhas horas ao día).

Valoración: en relación ás salas de bombeo utilizáronse para a determinación da carga contaminante os valores de 2021, xa que son os últimos dispoñibles. Os resultados de carga de kg C/hora son os seguintes:

SB1	0,337
SB2	0,0103
SB3	0,238

As MTD indican que para reducir a frecuencia de medicións ou para substituír as medicións por cálculo estas deben ser inferiores a 0.1 kg C/hora. So un dos focos cumpre a dita condición, polo que non se acepta a petición. Os focos SB2 e SB3 deben realizar medicións cada tres anos e o foco SB1 medición anual.

En relación aos incineradores, o feito de que non se realice pulverización de recubrimento de vehículo non é motivo de exención de medición. A MTD 11, referida á monitorización de emisións de gases residuais, refire monitorización de COVS en todos os sectores aos que aplique a Decisión de Execución 2020/2009 e en todas as chemineas, cunha periodicidade de medición que depende da carga en COVT que presenten. Tampouco é motivo de exención o cálculo de rendemento de incineradores.

En canto aos focos de retoques e bitono, nos que Stellantis afirma que non existe recubrimento de vehículo, considérase que son emisións sistemáticas dentro da actividade de acabado, polo que estas emisións tamén se deben contabilizar como emisións do proceso de recubrimento de vehículos. Non telas en conta suporía desvirtuar os datos de emisións producidas por Stellantis.

Alegación: o titular indica que para a determinación da periodicidade de control dos focos utilizáronse medicións relativas ao 2021. Estas considéranse obsoletas porque se eliminou o proceso manual de pulverización. Ademais, propón unha serie de criterios para determinar a periodicidade das medicións.

Valoración: as medicións correspondentes a 2021 utilizáronse unicamente nos casos nos que non se dispón de medicións en anos posteriores. A periodicidade proposta está sometida a cambios segundo evolucionen as emisións dos focos seguindo o criterio xeral de monitorización. Stellantis aporta agora, coas alegacións, un informe de medicións realizado en marzo de 2024 nos focos da cabina de lacas 2. Revisados os resultados non se considera necesario modificar a periodicidade de medición proposta dado que os datos de emisións dos focos son similares aos datos



anteriores, que se utilizaron de base para fixar a periodicidade das medicións, ademais de que estes focos de cabina de lacas 2 están en proceso de evolución pola implantación do proxecto 4 Wet.

Partículas

Alegación: o titular considera que o valor límite de partículas debe aplicarse a cada cabina de pulverización, facendo a media de emisión de todos os focos (chemineas) de cada unha das cabinas.

Valoración: considérase que para garantir que en ningún momento se vai superar o valor límite se debe aplicar o valor límite en cada foco canalizado, se os focos están conectados entre si, e as emisións son similares nun momento dado en todos os focos dunha mesma cabina, isto quere dicir que se se están superando os valores límite nun dos focos se está superando en todos os focos nese momento.

Alegación: solicita que no texto se cambie "medicións descontinuas" por "medicións periódicas".

Valoración: o término medicións descontinuas refírese a un tipo de monitorización diferente das medicións en continuo, sendo un termino equivalente o de medicións periódicas, polo que se estima a petición.

Alegación: solicita a retirada da medición dos seguintes focos, posto que non son procesos ligados só ao "recubrimento do vehículo por pulverización":

- Incinerador rexenerativo: non se realiza pulverización de recubrimento de vehículo, polo que non lle aplica o control de partículas.
- Cabinas de retoque: píntanse pequenas superficies dalgunhas carrocerías.
- Cabina bitono: só se pinta o teito, logo tampouco lle debe aplicar este punto de partículas, xa que estas operacións son máis similares aos "retoques de chapistería e personalización" e en ningún caso se pinta un vehículo."

Valoración: acéptase a alegación para o caso do incinerador rexenerativo por non provir as emisións de procesos de recubrimento por pulverización. Porén, nas cabinas de retoque e cabina bitono non se pinta un vehículo, pero si a parte deste que Stellantis considera que debe ser pintada dentro do proceso de acabado final dun vehículo. En todo caso as emisións doutras superficies metálicas ou plásticas tamén están incluídas na MTD 11 e na MTD 18 do documento de conclusións, polo que non procede aceptar a alegación.

Alegación: sinala un erro no número de focos da cabina de lacas 01 (actualmente hai 8 focos e non 9).

Valoración: corríxese o dato na táboa.

Incineradores

Alegación: o titular aporta o rango nominal dos incineradores e solicita que se aclare o termo "medicións descontinuas.





Incineradores de COV		
Proceso	Foco	Rango nominal(°C)
INCINERACIÓN REXENERATIVA	FOC NVP+NVF	730 - 875
INCINERACIÓN RECUPERATIVA	EL2.-ED1	645 - 680
	EL3-ED1	645 -680
	EA2-ED1 ⁽¹⁾	665 - 695

⁽¹⁾ Se elimina con la implantación del proceso 4WET.

Valoración: con respecto ao rango nominal de temperatura de traballo dos incineradores, a comunicación deste rango foi solicitada no informe do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia do 15.4.2024. Esta información é necesaria en relación co control da cámara de combustión e o rexistro en continuo da temperatura de dita cámara cun sistema de alarma que informa cando a temperatura non entra do rango óptimo.

Respecto á aclaración do termo "medicións descontinuas", como xa se indicou nunha resposta anterior, o termo "medicións descontinuas" refírese a medicións periódicas.

Vixilancia e control ambiental

Parámetros obxecto de control externo por OCA

Alegación: no cadro "Focos de aplicación recubrimento mediante pulverización" solicita que se modifique a periodicidade de "tres medicións de como mínimo unha hora de duración" por unha medición de tres horas. Indica o titular que consultada a OCA especialista que realiza desde hai 20 anos o control de focos en Stellantis Vigo, esta informa que: "Por norma, necesitamos chegar ao 10% do VLE, e para VLE tan baixos o volume a aspirar é bastante elevado (> 3 Nm³/h), polo que se necesitan entre 2 e 3 h por medida para conseguilo, en vez de realizar 3 determinacións de como mínimo 1 h de duración, que fose unha única medida de 3 h (o 4h)." Xa existen AAI en Galicia con estas características".

Valoración: acéptase a alegación. Considérase que unha medición de larga duración en lugar de tres medicións dunha hora de duración son axeitadas no caso dunha baixa concentración de partículas e baixo límite de emisión.

Monitorización en continuo

Alegación: respecto ao parágrafo "Deberanse realizar, polo menos cada quince días de operación continua e tras os períodos prolongados de parada, comprobacións do funcionamento dos equipos automáticos de medida en continuo, verificando as respostas fronte a gas cero e gas de calibración, seguindo as pautas das normas que apliquen en cada caso. Levarase a cabo un rexistro dos resultados destas operación", entenden que a frecuencia é excesiva, non ven fixada por norma ou lei, polo que, tras consulta co fabricante Siemens, este indica unha periodicidade de 4 semanas. Solicita unha frecuencia inicial mensual que incluso, máis adiante, se poida ampliar en base a bos resultados.

Valoración: dado que a norma UNE EN 14181 non establece prazo mínimo para a comprobación de valor cero e valor rango de calibración propónse substituír o texto polo seguinte:



“Para verificar que o SAM se encontra baixo control durante a operación implementárase un procedemento NGC3 que estará de acordo coa norma UNE EN 14181.”

Calidade do aire

Vixilancia e control ambiental

Alegación: o titular solicita deixar de medir nas estacións de calidade do aire o parámetro SO₂ en base ás mesmas xustificacións que se indican no punto de “Focos de combustión” no que se explica que a instalación consume na súa maioría gas natural e, segundo se indica na web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a súa combustión xera unhas emisións de SO₂ mínimas.

Valoración: os analizadores de SO₂ ademais de avaliar a concentración deste contaminante, cumpren cunha función de vixilancia cualitativa da concentración dos COV, xa que son interferentes do sistema de medida destes analizadores.

En todo caso, cabe a opción de que este se efectúe cun analizador en continuo de benceno na estación 1-Leste ou ben, se o consideran máis axeitado tendo en conta as súas emisións, un analizador en continuo de COV.

No caso de que a instalación considerara que as medidas de benceno ou de COV se vexan moi afectadas por algunha fonte deste contaminante externo á instalación, deben instalar un segundo analizador de benceno ou de COV a tempo real na estación 2-Oeste. Como alternativa, poden instalar un analizador de COV nunha estación e un de benceno na outra. Estes analizadores formarían parte da Rede de Calidade do Aire de Galicia do mesmo xeito que o resto dos analizadores das estacións 1-Leste e 2-Oeste e cuxos datos, polo tanto, serían enviados a tempo real a Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral.

Alegación: o titular sinala que diversos parámetros das estacións de calidade do aire son alleos, completa ou parcialmente, á actividade industrial do centro: ozono (ligado ao calor e á polución do tráfico), partículas (historicamente só se sobrepasa na noite de San Xoán -fogueiras veciños Matamá, pó sahariano e incendios na contorna). O tráfico de coches na avenida Citroën ao norte e no perímetro da Zona franca (camións) no sur, producen contaminación; polo que solicita que se deixe por escrito que o titular da instalación reducirá as emisións cando se superen os valores límite/obxectivo se as causas son imputables á súa actividade industrial, e non cando se deba a circunstancias alleas (tráfico, actividade veciñal, pó sahariano...). Tamén solicitan que se reflecta na autorización que o titular realizará unha investigación interna cando se superen os valores límite/obxectivo só se as causas son imputables a súa actividade industrial. Non se realizará cando se deba claramente a circunstancias alleas, especialmente se a circunstancia se da a fábrica parada. Lembran que o 28.12.2024 saltou unha alerta na estación de Vigo, que se recolleu en prensa e a fábrica estaba pechada (vacacións de Nadal).

Valoración: as fontes dos distintos contaminantes son diversas e entre elas se atopa a actividade da instalación. No caso concreto do ozono, que é un contaminante secundario, prodúcese pola interacción da radiación solar (non da calor) con contaminantes primarios chamados precursores, entre os que destacan os óxidos de nitróxeno que son producidos polo tráfico rodado pero tamén polo proceso produtivo da instalación, e os COV, que son emitidos de xeito importante por Stellantis. No caso das partículas, son emitidas tamén pola instalación, ademais do resto de

fontes que citan no seu escrito. As superacións puntuais de valores límite teñen normalmente múltiples causas. En caso de que as superacións non fosen puntuais e superaran en máis ocasións das permitidas os valores límite horarios ou diarios ou se superan as medias anuais, debería poñerse en marcha un plan de mellora da calidade do aire, no que debería ter parte activa a instalación por participar na emisión dos contaminantes. No caso de superación dos limiares de activación, información ou alerta establecidos na lexislación en vigor, a instalación debe seguir o indicado no Protocolo de actuación en episodios de contaminación atmosférica dispoñible en <https://meteoestaticos.xunta.gal/datosred/infoweb/caire/informes/OTROS/GL/Protocolo.pdf> e adoptar as medidas que lle indique o Comité Permanente da Comisión de Calidade do Aire de Galicia.

Por outro lado, a Xunta de Galicia non é responsable das novas que publica a prensa. Na ocasión á que fan referencia, non se lles requiriu ningunha actuación.

Por todo o exposto, non se pode aceptar esta alegación, xa que como se comentou no punto anterior, as fontes dos contaminantes son diversas e para reducir a concentración de contaminantes en caso de superación de valores límite e limiares de activación, información e alerta, é necesario actuar sobre todas as fontes, entre as que potencialmente se atopa a instalación.

Campañas de medida indicativa

Alegación: o titular solicita que se eliminen os controis das campañas de medida indicativa de benzo(a)pireno en aire ambiente e dos demais hidrocarburos aromáticos policíclicos establecidos no artigo 9.1 do Real decreto 102/2011, e de benceno na contorna da instalación, tendo en conta que: a resposta favorable da Consellería recibida o 8.3.2023 acerca dos resultados da campaña 2022 (os valores das concentracións medias están por debaixo do límite do límite inferior de avaliación da norma de aplicación); os informes da OCA enviados á Consellería con entrada 2022/2865090 onde se destaca que a medición puntual de benceno obtida máis alta, é debido á velocidade e dirección de vento dese día, "achacable á influencia dalgunha actividade de carácter relativamente puntual que tivo lugar aproximadamente ao SW do punto de medición da planta de Stellantis" e que "os PAH analizados que non contan con valores obxectivo na lexislación presentaron niveles medios correspondentes as intervalos típicos de zona rural e/ou zona urbana, segundo os valores orientativos que figuran e no documento do Grupo de Traballo sobre PAHs da Comisión Europea "Ambient air pollution by Polycyclic Aromatic Hydrocarbons (PAH). Position Paper". "

Valoración: a resposta favorable á que fan referencia, relativa a que tanto o benzo(a)pireno (BaP) como o benceno se atopan por debaixo do limiar inferior de avaliación, é o motivo de que se solicite a repetición das campañas de medida indicativa cada 5 anos. En caso de que os resultados foran superiores, solicitaríase unha frecuencia anual para estas campañas.

No caso do BaP, poden empregar os mesmos filtros que se empregarán para determinar a función de corrección do analizador automático de PM10, que deben repetir cada 5 anos. Polo tanto, non supón un gasto desproporcionado, en realidade non suporía gasto para a instalación e realizaríamos una avaliación axeitada do impacto da instalación na calidade do aire na contorna.

No caso do benceno, se elixen substituír os analizadores de SO₂ por analizadores en continuo de benceno, non sería necesaria a realización destas campañas. As campañas de medida indicativa



de benceno se implantaron a solicitude da instalación dentro do recurso de alzada que presentaron contra a resolución do 22.9.2020.

Por último, sinalar que o feito de cumprir cos valores límite non implica deixar de realizar controis. Por todo exposto, non se estima a alegación.

Alegación: o titular indica que non coñecen outra empresa de automoción en Europa que teña as exixencias respecto a atmosfera que se lle exixen a esta (2 estacións de calidade do aire, control en continuo de determinados focos, campañas anuais de medicións en focos de combustión e COV, campaña de olores...) e solicita que non se aumenten os plans de vixilancia máis alá do exixible pola Decisión Europea.

Valoración: os controis descritos son os que marca a lexislación vixente. Ademais, o feito de que a instalación se atope no centro da maior aglomeración urbana de Galicia xustifica que os controis sexan estritos.

Ruído

Vixilancia e control ambiental

Alegación: solicita efectuar o control unicamente en horario nocturno, así como que se eliminen os tres puntos de control na zona de Matamá no momento en que se industrialice esta zona.

Valoración: considérase que procede realizar dito control para acreditar o cumprimento dos valores límite nas diferentes franxas horarias, polo que non se estima esta petición.

Respecto á petición de supresión de puntos de control na zona de Matamá, o titular poderá solicitala no momento en que cambie a cualificación desta zona.

Vertidos

Caudal de vertido

Alegación: o titular informa que non hai un volume expresamente autorizado de vertido. En documentación histórica infórmase de que a cifra de vertido será como máxima a que permite a canle Parshall (500 m³/h) e que se tomará como referencia o total de auga consumida (potable+industrial).

Valoración: non se trata dunha alegación en si, polo que non cabe valorala.

Sistemas de tratamento

Alegación: o titular informa de que no punto de "augas de cataforese" procede engadir un depósito de augas brutas de 200 m³. Informa ademais de que no punto "Augas do espesador de fangos" as correntes que se reciben son: augas de drenaxe de decantadores 1 e 2; augas que veñen do filtrado dos lodos do filtro prensa; augas que veñen do separador de aceites do proceso de embutición.

Valoración: incorpórase esta información ao texto.



Calidade do vertido

Alegación: considera que a aplicación da MTD 12 debe efectuarse no punto no que as augas do centro saen para verterse no colector municipal (canle Parshall) e non á saída da depuradora interna. Entenden que se poden establecer os valores máximos dos parámetros da táboa 6 da Decisión como valores indicativos de referencia do proceso interno de depuración.

Valoración: a MTD 12 establece o control das emisións a auga. Este control debe efectuarse nun punto no que as emisións saen da instalación e antes de mesturarse con calquera outro efluente. No punto que propón o titular hai mestura con outros efluentes, polo que non cabe estimar a solicitude do titular.

Alegación: indica ademais que non procede aplicar os límites inferiores dos rangos establecidos na Decisión, dado que estes soamente son posibles en fábricas novas. Para iso, precisarían executar unha reforma integral da depuradora e dunha serie de colectores de augas pluviais, fecais e industriais, dos que algúns son propiedade de Stellantis e outros de Zona Franca de Vigo, ao ser estruturas do polígono, aspecto que requiriría unha elevadísima inversión e un prazo de varios anos. Sinalan tamén que solicitaron ampliar o límite existente na actual autorización para fluoruros na canle Parshall (que é onde consideran que aplican os valores límite) e solicitan que se estableza en 20 mg/L.

Por outro lado, tamén indican que se debe valorar que teñen en marcha un proxecto para a recirculación de auga de pintura que produciría unha redución de consumo do 25% e que, de non ampliarse o valor límite, este proxecto non será posible, porque vai provocar como efecto colateral que o vertido sexa máis concentrado, aínda que non se aumentará o aporte máscico de contaminantes.

Finalmente, solicitan que se substitúa o termo "dilución" por "dilución forzada".

Valoración: tendo en conta os argumentos aportados, estímase a petición.

Vixilancia e control

Monitorización das augas de vertido industrial

Alegación: considera o titular que, tendo en conta o histórico do nivel de cumprimento da instalación, non procede que se requiran controis mensuais á saída da EDARI. Dado que a Decisión UE permite reducir esta frecuencia, solicita que estes controis sexan semestrais.

Valoración: a frecuencia mensual estableceuse aplicando directamente a MTD 12. Porén, para o caso de vertidos indirectos, permítese que se reduza a frecuencia se se acredita que a instalación de tratamento de augas residuais está correctamente deseñada e equipada para eliminar os contaminantes de que se trate. Dado que o titular aportou información que acredita esta circunstancia, considérase que procede reducir esta frecuencia, pero se establece inicialmente en controis trimestrais.





Solos e augas subterráneas

Sistemas e procedementos para evitar a contaminación

Alegación: solicita que se indique que as operacións de carga e descarga de produtos perigosos débense realizar sobre pavimento formigonado, como os almacenamentos de residuos, e non sobre superficies impermeables.

Valoración: estímase a solicitude do titular.

Vixilancia e control ambiental

Alegación: o titular presenta un plano actualizado cos puntos de control.

Valoración: incorpórase este plano.

Alegación: solicita que se modifique a frecuencia de control en todos os puntos, pasando de semestral a anual.

Valoración: tendo en conta o histórico de resultados, estímase esta petición.

Alegación: solicita que se elimine na táboa de parámetros de control a chamada do punto (3).

Valoración: estímase esta petición, dado que se trata dun erro tipográfico.

PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMIENTO AMBIENTAL

Contido das memorias de seguimento ambiental

Alegación: solicita que os apartados da memoria relativos a "Datos de explotación" e "Niveis de comportamento ambiental asociados ás MTD" se recolla expresamente que se presentarán unicamente no 2º semestre.

Valoración: estímase esta petición.



Concello de Vigo

Asunto: notificación da resolución de revisión da autorización ambiental integrada e modificación non substancial

Titular: Stellantis España, SL

Concello: Vigo (Pontevedra)

Nº rexistro AAI: 2005/0233_NAA/IPPC_014

Expedientes de modificación: 2021-IPPC-M-42; 2023-IPPC-M-31

Notificámoslles a resolución do 28.3.2025 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se revisa e modifica a autorización ambiental integrada a Stellantis España, SL. Achegamos a dita resolución como documento anexo.

Informámoslles de que a resolución tamén estará dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:

<https://cmatv.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada>

En conformidade ao artigo 10 bis do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, relativo á publicidade da autorización ambiental integrada, comunicamos que a data prevista de publicación no Diario Oficial de Galicia é 10 de abril de 2025, para dar publicidade no taboleiro de anuncios do Concello.

Santiago de Compostela,

O xefe de Área Técnica

Valentín Rodríguez Castro

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 705
dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
www.xunta.gal

